Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiario do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- VÁZQUEZ PORTOS CARMEN - *PODOLOXÍA*
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como directora da residencia de persoas maiores e centro de día do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro municipal de maiores a Xunta de Goberno Local, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuaria do servizo de podoloxía a Carmen Vázquez Portos.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro de 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

5.3.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE XULLO 2014: ALTA USUARIO DEPENDENCIA.

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola directora da residencia de persoas maiores e centro de día do Concello de Boimorto, María Teresa Gómez Cea, por estar de vacacións a a responsable do servizo de axuda a domicilio, de data 31/07/2014, en relación coas modificacións producidas no referido servizo no período comprendido entre o 26/06/2014 e 31/07/2014 e que se transcribe o texto textualmente:

<<M^a Teresa Gómez Cea, Directora da residencia e centro de día de Boimorto.

INFORMO:

1.- Que con data do 1 de xullo de 2014 deuse de alta no servizo de axuda no fogar a través de dependencia Josefa Vázquez Espiñeira cun grao II de dependencia onde lle conceden 45 horas de servizo pero que o Concello só lle pode prestar real e efectivamente 12 horas por ser as únicas que temos dispoñibles.

2.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda do seguinte xeito, indicando ao lado de cada usuario o grao e horas concedidas e efectivamente prestadas:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Concepción Filloy Veiga	Grado III, nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente

Lg Arentía, Andabao ☐	prestadas
Sofía García Souto Lg Bertomil, Brates, Boimorto ☐	Grado III, nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Victoria Aguión Peteiro Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
María Felpete Costoya Boimorto ☐	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto ☐	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiño, Rodieiros, Boimorto ☐	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 30 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Costoya Brea Lg Currás, Cardeiro, Boimorto ☐	Grado II nivel 1, entre 30-40 horas mensuais concedidas, 40 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto ☐	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto ☐	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao ☐	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Rafael Fernández Mato Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto ☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto ☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Antonio Corral Boado Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro ☐	Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 33 efectivamente prestadas por petición da familia.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates ☐	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 12 horas por ser as únicas que temos dispoñibles.

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Darse por informados dos cambios producidos ata o día 31 do presente mes de xullo no servizo de axuda a domicilio.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de dependencia mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Deixar constancia que no mes de xullo non existen modificacións na lista de usuarios de libre concurrencia así como na lista de espera, aprobadas na anterior sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 26/06/2014.

5.4.- APROBACIÓN DAS BASES DA VIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE BOIMORTO

Vistas as bases para regular a VIII Carreira Pedestre Popular Concello de Boimorto redactadas en data 31/07/2014 pola animadora deportiva e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES DA VIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE BOIMORTO:

O Concello de Boimorto celebra a **VIII** edición do seu Canicross e Carreira Pedestre Popular o sábado 27 de setembro de 2014 na localidade de Boimorto baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago)** e de acordo co seguinte

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:

- ✗PITUFO atletas nados en 2010 e posteriores
- ✗PREBENXAMÍN atletas nados en 2007, 2008 e 2009
- ✗BENXAMÍN: atletas nados nos anos 2005 e 2006
- ✗ALEVÍN: atletas nados nos anos 2003 e 2004
- ✗INFANTIL: atletas nados nos anos 2001 e 2002
- ✗CADETE: atletas nados nos anos 1999 e 2000
- ✗XUVENIL-JUNIOR: atletas nados nos anos 1995, 1996, 1997 e 1998
- ✗PROMESA-SENIOR: atletas nados en 1994 ata veteranás
- ✗VETERANO A: atletas nados entre 1979 e 1969
- ✗VETERANO B: atletas nados entre 1968 e 1957
- ✗VETERANO C: atletas nadas en 1958 e anteriores
- ✗ VETERANA A: atletas nadas entre 1979 e 1969
- ✗ VETERANA B: atletas nadas en 1968 e anteriores

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

O percorrido da carreira seguirá un circuito de 3.167 metros a partires da categoría infantil e cadete.

- 17:30 h. CARREIRA DE CANICROSS (3000 mts)
- 18:20 h. PITUFO (200 mts)
- 18:30 h. PREBENXAMÍN (500 mts)
- 18:45 h. BENXAMÍNS e ALEVÍNS (1000 m)
- 19:00 h. INFANTÍS e CADETES (3.167 m) (1 volta ó circuito)
- 19:30 h. XUVENI-XUNIOR, PROMESA-SENIOR e VETERÁNS
(6330 mts (2 voltas ó circuito))
- 20:45 h. ENTREGA DE PREMIOS (Campo do Rosario)

4. INSCRICIÓNS.

* **PROBAS ESCOLARES** (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete).

Realizaranse a través do formulario online presente nas páxinas web www.emesports.es Deberán rellenar os datos requeridos no formulario online.

* **CATEGORÍAS DE ADULTOS** (Xuvenil-Xunior, Promesa-Senior e Veteráns).

As inscricións realizaranse a través da web www.emesports.es. **O prezo de inscrición será de 5 € para tódolos atletas.** Os atletas locais deberán indicalo cubrindo a casilla correspondente no momento da inscrición.

Os atletas da proba absoluta correrán con un CHIP que lles será entregado na SECRETARÍA no momento de recoller o dorsal; unha vez crucen a liña de meta deberán entregalo de xeito obrigatorio nuns recipientes habilitados para tal efecto de perdelo deberán aboar 5 €uros.

Os corredores que se inscriban ás dúas carreiras pagarán tan só unha.

Admitiranse inscricións ata o xoves 25 de setembro de 2014 ás 14:00 horas. NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO. Os dorsais recolleranse na Secretaría da Competición sita no colexio público de Boimorto (Campo do Rosario) ata media hora antes do inicio de cada proba.

Para calquer información adicional poderán chamar ó teléfono 981516020 de 9:00 a 15:00.

5. Habará servizo de vestiario e duchas a disposición de tódolos atletas sito no polideportivo municipal (a carón da saída).

6. PREMIOS

Habará trofeos para os 3 primeiros clasificados das categorías establecidas (en mulleres e homes) agás ós 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta (**XUVENIL-XUNIOR**,

PROMESA-SENIOR e VETERÁNS), os cales percibirán un diploma conmemorativo da proba así como o correspondente premio en metálico. Tamén outorgárase trofeos os 3 primeiros clasificados/as censados no Concello. Os trofeos non serán acumulativos. No caso de non haber 4 participantes na categoría haberá só trofeo ó gañador (agás nos locais).

Trofeo ó atleta máis xoven e máis veterán que sexan capaces de finalizar a carreira polos seus propios medios e sen axudas externas. Tamén haberá **agasallo sorpresa conmemorativo da carreira** para os corredores da proba absoluta, así como froita e bebida a quen finalice a proba (para absoluta e escolares).

PREMIOS EN METÁLICO

(Só para a Carreira Absoluta: **JUNIOR, SENIOR e VETERÁNS**)

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a:

2º Clasificado/a:

3º Clasificado/a:

3º Clube Clasificado:

50 €

50 €

100 €

PREMIOS POR CLUBES*

150 € 1º Clube Clasificado: 150 €

2º Clube Clasificado: 100 €

PREMIOS ESPECIAL POR RÉCORD PREMIO GAÑADOR/A LOCALDA PROBA

1º Clasificado/a: 50 €

BATIR O RÉCORD DA CARREIRA ABSOLUTA

MASCULINA OU FEMININA: 60 €

(Manuel Ángel Penas Blanco 2007: 19'17'')

(María Yolana Gutiérrez Robles 2013: 21'55'')

* Para a entrar na premiación por clubs deberán inscribirse os atletas individualmente na web www.emesports.es e remitir un correo electrónico á dirección FGAsantiago@gmail.com cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba, só se admitirán clubs federados e atletas con licencia en vigor de atletismo ou triatlón para optar ós premios en metálico. **SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERÁN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES.**

A **clasificación por clubs** será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 1º compoñente. **Os equipos poderán ser mixtos. Para puntuar nesta clasificación é necesario que alo menos 8 corredores do clube logren concluir a carreira.**

O abono dos premios en metálico realizarase ó concluir a entrega de premios, para o cal os gañadores dos mesmos deberán acreditar a súa identidade coa presentación do DNI.

7. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó **Xuíz Árbitro** da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
8. A participación de atletas extranxeiros regularase segundo o artigo 3.4. do Regulamento para as competicións de Campo a Través, Masrcha, Carreiras en estrada e reunións de pista cuberta e aire libre para competicións autonómicas.
Dito artigo pódese consultar no seguinte [enlace:](http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento_competiciones.pdf)
http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento_competiciones.pdf
9. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e IAAF en vigor.

Boimorto, 31 de xullo de 2014

A animadora deportiva

Asdo.- María Amalia Seoane Barreiro.>>>

O Canicross é unha modalidade deportiva do Mushing que é un deporte que depende da Federación de Deportes de Inverno. Consiste en correr cun can atado á cintura mediante unha liña de amarre que une o arnés de tiro do can ó cinto de tiro do corredor.

O entorno é privilexiado pola diversidade de paisaxes: regatos, carballeiras,... ademais do interés etnográfico que presenta o percorrido.

*** REGULAMENTO (resumido)**

- Tódolos cans cumprirán obrigatoriamente
 - Ter 12 meses como mínimo e 10 anos como máximo.
 - Pasar o Control Veterinario.
 - Ter Cartilla de Vacinación ó día selada por Veterinario colexiado.
 - Ter o Microchip implantado.
 - Ter Póliza de R.C. que cubra a práctica deportiva e competición. Si non a teñen terán que contratala para ese día
 - Os cans que no estén en condicións de saúde adecuadas para a súa participación a criterio do veterinario da proba, non serán admitidos.
 - O corredor que participe con un can que non sexa da súa propiedade terá que presentar unha autorización por escrito do propietario ou que éste o autorice en persoa.
 - Unha vez iniciada a proba, non poderá cambiarse ningún can.
- Os participantes irán equipados obrigatoriamente co seguinte material:
 - O can levará arnés de tiro sen ningún elemento de ningún material.
 - Corredor e can irán unidos por unha línea de tiro con amortiguador que non será inferior a 2m nin superior os 2'5m en extensión e recoméndase non levar ningún elemento de ningún material para unirse ó arnés de tiro do can.
 - O corredor levará un cinto de 7 cm de ancho como mínimo onde enganchar a línea de tiro mediante un sistema de apertura rápida.

Se non se dispón do material: É responsabilidade do corredor ter o material para ese día.

Se non se dispón da Póliza de R.C.: Pódese contratar unha póliza contactando co organizador.

O día da proba será obrigatorio presentar a Cartilla de Vacinación e o xustificante da compañía aseguradora

*** CATEGORÍAS (homes e mulleres)**

CH CaniCross Home: 2000 e anteriores

CM CaniCross Muller: 2000 e anteriores

*** HORARIO**

16:30 - 17:00	Entrega Dorsais e Control Veterinario.
17:00 - 17:15	Reunión Informativa.
17:30 - 18:00	VII Canicross Boimorto.
20:45 - 21:15	Entrega de Trofeos.

*** NORMAS DA CARREIRA**

- Os corredor correrá sempre por detrás do can permitíndose como máximo facelo á altura das patas traseiras.
- AMONESTACIÓN: Non implica penalización de tempo:
 - No correr por detrás do perro la 1ª vez.
 - No llevar el dorsal visible, tomar la salida sin dorsal o perderlo en carrera. La amonestación es independiente de las consecuencias organizativas de no ver el dorsal, no estando obligada la organización a tomar el crono de un deportista sin dorsal si no tiene forma de identificarlo.
 - No facilitar o dificultar un adelantamiento.
 - Poco control del deportista sobre su perro en la salida.
 - No asistir a la reunión informativa previa a la carrera, si es obligatoria.
 - No pasar el control de parque cerrado cuando exista.
 - Llevar el perro suelto en el lugar de concentración, antes o después de la carrera.
 - No llevar la línea de tiro recogida en la salida los metros que indique el organizador.
 - Ayudar a un equipo marcándole el paso.
 - 14.2.10 Otros supuestos que considere el Delegado Técnico, y se hayan anunciado en la reunión informativa.
 - 14.2.11 Se dará 1 AVISO por una infracción de la normativa de carreras siempre que:
 - Esto no le dé ninguna ventaja o no cause perjuicio a los otros participantes, o
 - No se considere un perjuicio para el deporte, la prueba u otro competidor, o
 - No tenga consecuencias para ningún participante y sea la primera vez.
- PENALIZACIÓN: Penalizarse engadindo 60 segundos ó tempo do corredor:
 - No correr por detrás del perro la 2ª vez o la 1ª si es en directo perjuicio de otro participante.
 - Empujar al perro desde atrás o tirar de él, la 1ª vez.
 - Recibir 2 avisos por infracciones que no sean directamente sancionables con penalización o descalificación.
 - Otros supuestos que considere el Delegado Técnico, y se hayan anunciado en la reunión informativa.
- DESCALIFICACIÓN:
 - No correr por detrás del perro, la 3ª vez.
 - Empujar al perro desde atrás o tirar de él la 2ª vez.
 - Maltratar al perro, propio o ajeno, o agredir a otro deportista o miembro de la organización.
 - Manifiesta agresividad del perro o falta grave de control sobre el perro que ponga en peligro a otros equipos, público u organizadores.
 - No finalizar el recorrido, hacerlo sin pasar por todos los puntos de control o acortando camino saliendo fuera del circuito señalizado.
 - Recibir ayuda externa fuera de los espacios autorizados.
 - Ensuciar o degradar el itinerario.
 - Dañar intencionadamente equipos o material de la organización.
 - No prestar auxilio a otro equipo en caso de accidente de éste.
 - Dejar ir, soltar o perder al perro durante la carrera, aunque se recupere con posterioridad.
 - No pasar o no superar el control veterinario o de material.

- No cumprir los requisitos de inscripción que se establezcan (Licencias, Seguro de Responsabilidad Civil del perro, Seguro Accidentes Deportivo del deportista, vacunas específicas, precio de inscripción...).
- Negarse el deportista a dar muestras para pasar un test de dopaje o presentar muestras -de otras personas o de otros perros diferentes de los escogidos para pasar el test de dopaje.
 - Cuando un veterinario diagnostica una enfermedad contagiosa a un perro.
- Aceptar ser transportado en un vehículo, excepto en el caso de haber perdido el perro.
- Recibir 3 avisos por infracciones que no sean directamente sancionables con la descalificación.
- Si el deportista, intencionadamente o por negligencia, infringe la normativa de las carreras y esto le da ventaja o causa inconvenientes a sus contrincantes.
- Cualquier otro supuesto contemplado en la normativa de carreras de la IFSS.

*** PERCORRIDO**

A proba seguirá un percorrido de 3000 m sinalizados.

*** TROFEOS**

Haberá Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados/as.

E trofeo ó club ou entidade con máis participantes na proba.

*** INSCRIPCIÓN E CONTROL VETERINARIO**

As Inscripcións e o Formulario de Control Veterinario estarán na web www.emesports.com

. O Formulario unha vez cuberto deberase remitir a conta de correo: carreraboimorto@gmail.com. O prezo de inscrición será de 5 €. Os corredores que se inscriban ás dúas carreiras pagarán tan só unha.

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán a VIII Carreira de Canicrros: Trofeo “Concello de Boimroto” 2014 redactadas en data 31/07/2014 pola animadora deportiva tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Os gastos en premios e trofeos serán con cargo á aplicación presupostaria 340.48100 do orzamento municipal do vixente exercicio 2014.

5.5.- BASES PARA O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE TERMALISMO NO BALNEARIO DE COMPOSTELA (BRIÓN)

Vistas as bases para funcionamento do Programa de Termalismo no Balneario Compostela (Brión), redactadas o 31/07/2014 pola animadora deportiva e que a continuación se reproducen literalmente:

<< Bases para funcionamento do Programa de Termalismo no Balneario Compostela (Brión),

1.- Concepto

Establecemento das bases para a o funcionamento do programa de termalismo no Balneario Compostela de Brión. O Concello continúa co programa de Termalismo Social no Hotel Balneario Compostela de Brión. Consiste na visita a este balneario un día á semana (martes) para gozar das augas termais e do circuito de sauna, duchas de contraste, sala de musicoterapia e aromaterapia,... Irase durante 4 días durante o mes de outubro. O número de máximo de persoas por día é de 25 e o mínimo é de 15.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 15:30 do Centro social de maiores e a chegada aproximada é ás 19:30 horas.. Hai que levar gorro e recoméndase tamén levar unha toalla da casa para secarse despois.

As entradas e o transporte están subvencionadas ao 100 % pola Deputación Provincial dentro do programa Termalismo Social.

2.- Participantes

Só poderán participar os maiores residentes neste termo municipal.

Todos os asistentes con que se anoten, conleva que acordan que están conformes coas bases de funcionamento deste programa; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.-Inscrición

O prazo de inscrición para cada semana remata o día anterior á viaxe, e so se poden inscribir para cada xornada; as persoas que queden en lista de espera terán preferencia na seguinte xornada.

As persoas que por calquera motivo non poidan asistir deberán avisar con suficiente tempo de antelación para que a súa a praza sexa cuberta, o non avisar con suficiente tempo conlevará non poder asistir na seguinte xornada quedando na listaxe de reserva.

Boimorto, 31 de xullo de 2014

A animadora deportiva

Asdo.- M^a Amalia Seoane Barreiro>>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases que rexerán o funcionamento do Programa de Termalismo no Balneario Compostela (Brión) tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.-Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.6.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ACTIVIDADES DO CURSO 2014-2015

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán os prezos públicos para as actividades do curso 2014-2015 redactadas en data 31/07/2014 pola animadora deportiva e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA CONVOCATORIA E ESTABLECIMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ACTIVIDADES DO CURSO 2014-2015:

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que serán realizadas neste Concello no curso 2014-2015:

□ **Ximnasia de mantemento por parroquias:** Actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade... xogos e deportes adaptados ó grupo. De 16 anos en adiante.

Horario: De luns a xoves, en diversos horarios e parroquias.

Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto e locais sociais das diversas parroquias.

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

□ **Multideporte:** Iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, balonmán, atletismo, voleibol, rugby cinta, béisbol, judo... Posibilidade de competir a minideportes.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Nenos de entre os 6 a 15 anos.

Horario: martes de 18:00 a 18:45

Instalación: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

□ □ **Xogos psicomotores:** Xogos para a adquisición das habilidades motrices básicas (traballo de coordinación, equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpes...)

Idade: 3 a 5 anos (nenos de educación infantil)

Horario: 2 sesións semanais no recreo do colexio 14:00 a 14:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

□ □ **Pequebaile:** Actividade de desenvolvemento do ritmo a través do xogo coa música. A finalidade que se persegue é a de adquirir unha maior coordinación e divertirse bailando cos/coas compañeiros/as, ...

Idade: 3 a 6 anos

Horario: venres de 16:00 a 16:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto.

Prezo: a cota será de 5 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

□ **Patinaxe:** Aprender a patinar mediante xogos, ritmo, cooperación, imitación, creatividade, etc. Mellora das habilidades de deslizamento e aumento do control corporal e postural sobre os patíns.

Idade: 6 a 12 anos

Horario: luns de 16:00 a 16:45 e xoves de 17:00 a 17:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

□ □ **Fútbol sala:** Iniciación e mellora do fútbol sala a través de exercicios técnicos, tácticos e físicos e xogarán partidos de fútbol sala na competición deportiva en idade escolar. Os partidos serán os venres pola tarde ou sábados pola mañá.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Segundo categoría (Serán equipos masculinos, femininos ou mixtos miraremos as posibilidades)

Prebenxamín (6-7 anos)

Benxamín (8-9 anos)

Alevín (10-11 anos)

Infantil (12-13 anos)

Cadete (14-15 anos)

Horario: martes de 17:00 a 17:45 e xoves de 16:00 a 16:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

□ **Bádminton:** Iniciación e mellora do bádminton a través de exercicios técnicos, tácticos e físicos e xogarán partidos na competición deportiva en idade escolar. Os partidos serán os venres pola tarde ou sábados pola mañá.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Segundo categoría

Prebenxamín: (6-7 anos)

Benxamín (8-9 anos)

Alevín (10-11 anos)

Infantil (12-13 anos)

Cadete (14-15 anos)

Horario: luns de 17:00 a 17:45 e xoves de 18:00 a 18:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

Prazo para anotarse

O prazo para as inscricións para as actividades infantís e adultos será ata o día 30 de setembro de 2014

Os empadroados terán preferencia en todas as actividades que se realicen.

Data de inicio das actividades

As actividades comezarán a semana do 6 de outubro, se hai o número mínimo de participantes en cada actividade, senón atrasarase o seu inicio. Só se avisará por teléfono das actividades que se atrasen ou anulen, non se chamará para as actividades que comece con normalidade a semana do 6 de outubro.

O concello poderá modificar/cancelar a programación da actividade en caso de non haber o número mínimo de participantes. Avisarase a cada persoa en caso de modificar o plan establecido.

Datas nas que se suspenden as actividades municipais

Durante as actividades haberá varios días que se suspenderán as actividades para os adultos, estas datas serán:

A. *Nadal*: dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro (ambos inclusive)

B. *Entroido*: 16-17 e 18 de febreiro

C. *Semana Santa*: dende o 30 de marzo ao 6 de abril (ambos os dous inclusive) e días en que non haxa colexio (días propios que colle o colexio, folgas, etc.) Ou saian antes do horario habitual.

As actividades infantís suspenderanse nas datas das vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa) e días en que non haxa colexio e días en que non haxa colexio (días propios que colle o colexio, folgas, etc.) ou saian antes do horario habitual.

Os días festivos non haberá actividades nin de nenos nin de adultos.

2.- Obrigados ao pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 1, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

- ximnasia de mantemento por parroquias, multideporte, xogos psicomotores, pequebaile, patinaxe, fútbol sala e bádminton.

O 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade e se de trámite á solicitude de inscrición.

3.- Contía

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

- Ximnasia de mantemento por parroquias

- Multideporte
 - Xogos psicomotores
 - Patinaxe 10 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné.
 - Fútbol sala
 - Bádminton
- Pequebaile 5 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné

Motivando ditas exencións no fomento da participación en actividade deportiva e cultural.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase de actividades nas que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse ou no caso de ser actividades con pago mensual, dito pago farase antes do día 5 de cada mes.

Boimorto, 31 de xullo de 2014

A animadora deportiva

Mª Amalia Seoane Barreiro>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos das actividades culturais e deportivas do curso 2014-2015, redactadas pola animadora deportiva tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- Ximnasia de mantemento por parroquias
 - Multideporte
 - Xogos psicomotores
 - Patinaxe 10 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné
 - Fútbol sala
 - Bádminton
- Pequebaile 5 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné.

SEGUNDO.- Dar publicidade deste programa e bases aos efectos oportunos.

|

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 207, 214, 218, 227, 242, 243, 246, 249, 259, 265, 267, 269, e 270 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 14:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez